

RAMÓN MARTÍNEZ BLANCO, Secretario do Consello Reitor da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde-ACIS,

## CERTIFICO

Que na sesión do consello reitor celebrada o 29/06/2018 foi aprobado o seguinte asunto da orde do día:

“2º. Aprobación das contas do exercicio de 2017.

A Vicepresidente da Consello e Xerente de ACIS toma a palabra para indicar que as contas de axencia foron auditadas pola empresa Auditores Asociados AAGC SAP. No informe de auditoria, datado o 5/06/2018, figura que consideran que as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de ACIS a 31/12/2017, así como dos seus resultados e do bo estado de liquidación do presuposto corrente ao exercicio anual rematado na devandita data de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta da aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables e presupostarios contidos neste.

Visto o informe indicado e o estado de contas que se une, o Consello Reitor, a proposta da Xerencia de ACIS, acorda por unanimidade e sen intervencións, conforme ao establecido no artigo 13 letra f), a aprobación das contas anuais e traslada á xerencia a necesidade de publicar os datos no apartado de transparencia da páxina web da axencia”.

Faise constar que a acta de referencia está sen aprobar.

A presente certificación expídese a petición da xerencia de ACIS.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

